ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 24 DE SETEMBRO DE 2026

PRESIDENTE:
PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:
CARMELA PRIETO CAL
JESÚS ROMERO CARRACELAS
LUCÍA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURÁN BEREIJO
XULIO CRIBEIRO GARCÍA
PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ
NOEL LÓPEZ LÓPEZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

SECRETARIO:
FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ

INTERVENTORA:
Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:05 horas do día 24 de setembro de 2026, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario da Corporación, don Francisco Javier Zunzunegui Vázquez, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

O Sr. Alcalde presenta ao novo Secretario, D. Francisco Javier Zunzunegui Vázquez.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 30.07.2026.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 30.07.2026.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 30.07.2026, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

2. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. MC 09 2026 SC 01 2026. EXPEDIENTE: 2026/G006/000222

Polo Secretario dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 21 de setembro de 2026, que di:

"Vista a Proposta da Alcaldía de data 15.09.2026, que di:

"**Expediente:** 2026/G006/000222
Asunto: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. MC 09 2026 SC 01 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que existe crédito, pero é insuficiente e non pode ampliarse. A antedita modificación pódese financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2025, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 149/2026, do 11 de marzo de 2026, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.393.646,64 euros.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 15.09.2026, na que queda xustificado a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os existe crédito pero é insuficiente e non pode ampliarse.

Visto que con data de 15.09.2026 emitiuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 09 2026 SC 01 2026, modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 15.09.2026 emitiuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se sinala: "*(...) Dos resumos anteriores despréndese que a modificación de créditos que se expón xenera inestabilidade poñendo en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*
(…)
O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.
Non obstante, o paragrafo segundo do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que "Exceptúase do disposto no parágrafo anterior (elaboración do Plan Económico-financeiro) as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

financeiro ata a liquidación do orzamento, se é o caso". Caso no que nos atopamos, polo tanto, non é necesario a elaboración dun Plan Económico-financeiro".

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 09 2026 SC 01 2026, na modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte desglose:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
341.62200	Protección e fomento do deporte. Inversión nova en edificios	202.000,00	Achega municipal proxecto "CONSTRUCIÓN DUNHA NAVE DE REMO"
TOTAL		**202.000,00**	

O financiamento da modificación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO/SUBCONCEPTO	TIPO DE FINANCIAMENTO	IMPORTE (EN €)
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	202.000,00
TOTAL INGRESOS		**202.000,00**

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MODALIDADE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. MC 10 2026 CE 01 2026. EXPEDIENTE: 2026/G006/000223

Polo Secretario dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 21 de setembro de 2026, que di:

"Vista a Proposta da Alcaldía de data 18.09.2026 (que corrixe a Proposta da Alcaldía de data 15.09.2026) que di:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

"**Expediente:** 2026/G006/000223
Asunto: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MODALIDADE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. MC 10 2026 CE 01 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son créditos extraordinarios aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que non existe crédito e non pode ampliarse. A antedita modificación pódese financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2025, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 119/2025, do 11 de marzo de 2026, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.393.646,64 euros.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 18.09.2026, na que queda xustificado a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os que o crédito previsto non existe e non pode ser obxecto de ampliación.

Visto que con data de 18.09.2026 emitiuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 10 2026 CE 01 2026, modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 18.09.2026 emitiuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se sinala: *"(...) Dos resumos anteriores despréndese que a modificación de créditos que se expón xenera inestabilidade poñendo en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*
(…)
O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.
Non obstante, o paragrafo segundo do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que "Exceptúase do disposto no parágrafo anterior (elaboración do Plan Económico-financeiro) as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico financeiro ata a liquidación do orzamento, se é o caso". Caso no que nos atopamos, polo tanto, non é necesario a elaboración dun Plan Económico-financeiro".

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 10 2026 CE 01 2026, na modalidade de crédito extraordinario, con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte desglose:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
170.635.00	Administración xeral do medio ambiente. Inversión reposición mobiliario	262.156,81	Construción dunha nova ponte de madeira sobre o río Condomiñas.
170.623.00	Administración xeral do medio ambiente. Inversión nova en maquinaria	30.000,00	Achega municipal para a adquisición dunha mini escavadora para o Servizo Municipal de Mantemento e Medio Ambiente.
336.632.00	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Inversión reposición edificios	77.000,00	Adquisición do edificio da reitoral de San Román.
TOTAL		**369.156,81**	

O financiamento da modificación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO/SUBCONCEPTO	TIPO DE FINANCIAMENTO	IMPORTE (EN €)
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	369.156,81
TOTAL INGRESOS		**369.156,81**

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Só dicir que na aplicación 170.623 onde di "achega municipal para a adquisición dunha mini escavadora" é dunha subvención que nos presentamos á Xunta de Galicia onde poñemos unha parte e a Xunta pon, non sei se era o 50%. O 50%, vale?. Entón, votamos?

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 523/2026 DE DATA 08.09.2026 DE DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2027

Polo Secretario dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 21 de setembro de 2026, que di:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

"Vista a Resolución de Alcaldía núm. 523/2026 de data 08.09.2026, que di:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2027

Con data 03.09.2026 (rex de entrada nº 202690000001282) tivo entrada no rexistro do Concello un escrito da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no cal se comunica o calendario laboral para o ano 2027 na Comunidade Autónoma de Galicia; e así mesmo se solicita o envío da proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2027.

É competencia do Pleno o coñecemento ou aprobación destes días de festa, tendo previsto que a vindeira sesión ordinaria se celebre o 24 de setembro, e coa fin de remitir no prazo establecido (antes do 20 de setembro) o acordo ao órgano competente da Comunicade Autónoma, procédese a fixar os citados días de forma provisional nesta resolución, que deberá ser ratificada no vindeiro Pleno ordinario.

Por todo o exposto, **RESOLVO**:

1.- Fixar como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2027 os seguintes:

- 9 de febreiro: martes de Entroido

- 26 de xullo: Santa Ana

2.- Dar traslado da presente resolución á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

3.- Elevar a presente resolución ao Pleno da Corporación para a súa ratificación, na primeira sesión que realice."

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 523/2026 de data 08.09.2026."

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 523/2026 de data 08.09.2026.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Nº DECRETO	ASUNTO
00450/2026	RECOÑECEMENTO DE SERVIZOS PREVIOS E DO PRIMEIRO TRIENIO A FAVOR DE DONA KAREN PÉREZ PITA, POLICÍA LOCAL DESTE CONCELLO.
00451/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039979 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00452/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/36
00453/2026	NÓMINA XULLO 2026
00454/2026	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE O 5 AO 31 DE AGOSTO DE 2026
00455/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/I004/000016)
00456/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/I004/000015)
00457/2026	DECRETO DE ANULACIÓN DA RES. 453/2026 E NOVA APROBACIÓN DA NÓMINA DE XULLO DE 2026
00458/2026	APROBACION PAGO TASACIÓN DE COSTAS NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 187/2025 AO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL
00459/2026	PREPARACIÓN, SINATURA E REMISIÓN ELECTRÓNICA DO CONTRATO DE TRABALLO INDEFINIDO DE DONA EVA PÉREZ ÁLVAREZ COMO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL), PARA OCUPAR A PRAZA DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO CO CÓDIGO 15022AEDL-01.
00460/2026	CONCESIÓN DE PERMISO PARENTAL Á FUNCIONARIA INTERINA DONA IRIS PITA LEONARDO DO 3 AO 9 DE AGOSTO DE 2026.
00461/2026	FINALIZACIÓN DO CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES RODRÍGUEZ MARTÍNEZ POR COBERTURA DEFINITIVA DA PRAZA 15022AEDL-01.
00462/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2026/I004/000019) - MALEZA EN PARCELA
00463/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000040058 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00464/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DO 7.08.2026
00465/2026	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2026
00466/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE CINE DE VERÁN NA RÚA
00467/2026	INSTALACIÓN DA NOVA FONTE DA MARIETA
00468/2026	BAIXA DE TRABALLADORA POR INCORPORACIÓN A OUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DE CONCEPTOS PENDENTES. E-0281-V02 JUANA DE LESTONNAC NAVEIRA CARABEL
00469/2026	SUBSTITUCIÓN POR DETERIORO DA PLACA IDENTIFICATIVA 420 A NOME DE JUAN CARLOS BEREIJO MARTÍNEZ POLA PLACA NÚMERO 493
00470/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 7.08.2026
00471/2026	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
00472/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ESCAVACIÓN ARQUEOLOXICA EN GUILLADE - SAN ROMAN
00473/2026	ORDE DE EXECUCIÓN EXPEDIENTE 2026/I004/000001 - MALEZA EN PARCELA
00474/2026	ORDE DE EXECUCION EXPEDIENTE 2026/I004/000002 - MALEZA EN PARCELA
00475/2026	REPOSICIÓN POR DETERIORO DA PLACA IDENTIFICATIVA DE VAO CO NÚMERO FIXO 503000444736 SITO NA RÚA DA ESTRADA NÚMERO 12 A NOME DE DON ANTONIO LOUREIRO REY, POLA NOVA PLACA CO NÚMERO 494.
00476/2026	TOMA COÑECEMENTO DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO COMO PERSOAL LABORAL FIXO E SE RESOLVE A SOLICITUDE DE EXCEDENCIA POR AGRUPACIÓN FAMILIAR FORMULADA POR D.ª EVA PÉREZ ÁLVAREZ.
00477/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/34 (MONITORES DEPORTIVOS MAY-JUN)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

00478/2026	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DA XII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA
00479/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000040150 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00480/2026	REDE SEPARATIVA EN RÚA MOECHE. FCA 2026
00481/2026	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00482/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/38 (GAS NATURAL)
00483/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/37
00484/2026	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XULLO DE 2026
00485/2026	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00486/2026	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA CARMELA PRIETO CAL PARA OFICIAR MATRIMONIO CIVIL
00487/2026	ADXUDICACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL
00488/2026	APROBACION PAGO TASACIÓN DE COSTAS NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 187/2025 AO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL
00489/2026	COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DE DATA 21.08.2026
00490/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000040227 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00491/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21.08.2026
00492/2026	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
00493/2026	LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXLUIDAS, NOMEAMENTO MEMBROS TRIBUNAL DE SELECCIÓN E DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRES (3) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA (SUBGRUPO C1) MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.
00494/2026	RESÓLVESE A SOLICITUDE DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INCOMPATIBILIDADE FORMULADA POR D.ª EVA PÉREZ ÁLVAREZ.
00495/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000040300 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00496/2026	RECOÑECEMENTO E ABOAMENTO DA LIQUIDACIÓN DE RETRIBUCIÓNS PENDENTES A MARÍA ADELA GARCÍA VILLADÓNIGA.
00497/2026	RECOÑECEMENTO E ABOAMENTO DE DIFERENZAS RETRIBUTIVAS POLO DESEMPEÑO TEMPORAL DE FUNCIÓNS DE OFICIAL DE PRIMEIRA XARDINEIRO.
00498/2026	ACOMETIDA DE AUGA E SANEAMENTO (EXPEDIENTE 2025/U010/000024)
00499/2026	ABOAMENTO DOS GASTOS DE RENOVACIÓN DO PERMISO DE CONDUCIÓN TIPO B A DONA JUANA DE LESTONNAC NAVERIA CARABEL
00500/2026	RECOÑECEMENTO E ABOAMENTO DE INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DO SERVIZO POR ASISTENCIA A CURSO DE FORMACIÓN EGAP.
00501/2026	RECOÑECEMENTO E ABOAMENTO DE DIFERENZAS RETRIBUTIVAS POR DESEMPEÑO DE FUNCIÓNS DE SUPERIOR CATEGORÍA. RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA E LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO.
00502/2026	NOMINA ORDINARIA DO MES DE AGOSTO DE 2026 E ATRASOS DE AGOSTO 2026
00503/2026	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00504/2026	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE O 3 AO 30 DE SETEMBRO DE 2026
00505/2026	APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA ANO 2026
00506/2026	CONTRATACIÓN DE D. JAVIER NÚÑEZ GONZÁLEZ E D. JAVIER CALVO RODRÍGUEZ COMO PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA, NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE SUBGRUPO E - PEÓN, TRAS O REMATE DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN
00507/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

	BASICAS DE SUBSISTENCIA EXPTE TEDEC 2026/S009/000031
00508/2026	LEVANTAMENTO DE REPARO DAS FACTURAS 2026 -64 E 26A 00440
00509/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000040390 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00510/2026	CONTRATACIÓN DE D. JAVIER NÚÑEZ GONZÁLEZ E D. JAVIER CALVO RODRÍGUEZ COMO PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA, NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE SUBGRUPO E - PEÓN, TRAS O REMATE DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN
00511/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/I004/0000055)
00512/2026	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚMERO 506/2026 DE DATA 01/09/2026
00513/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 04.09.2026
00514/2026	CONTRATACIÓN TEMPORAL DE D.ª MARÍA ÁNGELES RODRÍGUEZ MARTÍNEZ COMO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL)
00515/2026	CONTRATACIÓN TEMPORAL DE D.ª MARÍA ÁNGELES RODRÍGUEZ MARTÍNEZ COMO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL)
00516/2026	DEIXAR SEN EFECTO A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚMERO 514/2026, DO 3 DE SETEMBRO DE 2026.
00517/2026	DEIXAR SEN EFECTO AS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA NÚMEROS 506/2026 E 512/2026, DO 1 DE SETEMBRO DE 2026.
00518/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAUDE DA OBRA DE REDE SEPARATIVA NA RUA MOECHE
00519/2026	ACOMETIDA DE AUGA E SANEAMENTO (EXPEDIENTE 2026/U010/000013)
00520/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE COORDINACIÓN DE SEG. E SAUDE DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL
00521/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECIÓN DE OBRA PARA O CONTRATO DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL
00522/2026	ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO "NAVE PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS" AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE ABRIL DE 2026 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO. PR486E
00523/2026	DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2027
00524/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000040489 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00525/2026	ACEPTACIÓN DA AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS, AS SÚAS ADAPTACIÓNS E MAQUINARIA VINCULADA A ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS PR486F
00526/2026	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE AGOSTO DE 2026
00527/2026	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2026 PROCEDEMENTO PR450A
00528/2026	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL 2026-PROGRAMA I- TR350E
00529/2026	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE REDE SEPARATIVA EN RÚA MOECHE. FCA 2026
00530/2026	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DON JAVIER GONZÁLEZ RODRÍGUEZ COMO PEÓN POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN
00531/2026	APROBACIÓN GASTO FACTURA DICIEMBRE MUSICOTERAPIA
00532/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000040560 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00533/2026	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 420/2026 DE DATA 09 DE XULLO DE 2026
00534/2026	DECRETO PAGO XOGOS POPULARES DE CEDEIRA ANO 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

00535/2026	APROBACIÓN GASTO TAXA FESTA ACUÁTICA AREALONGA
00536/2026	SERVIZOS SOCIAIS PARA RECARGA TARXETAS TRANSPORTE METROPOLITANO
00537/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO ORDINARIA DO 18.09.2026
00538/2026	RENUNCIA Á LICENZA DE EDIFICACION 2024/U022/000026
00539/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PLENOS ORDINARIA DO 21.09.2026
00540/2026	APORTACIÓN ECONÓMICA GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS ANUALIDADE 2025
00541/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2026/I004/000024)
00542/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2026/I004/000023)
00543/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 18.09.2026
00544/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/I004/0000045)
00545/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAUDE DA OBRA DE DESMANTELAMENTO DA PONTE DE MADEIRA QUE CRUZA O RIO CONDOMIÑAS
00546/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/41
00547/2026	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 252 /2026 DO 27/04/2026 EXPTE TEDEC 2026/S009/000018
00548/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/40
00549/2026	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 366/2026 DO 12/06/2026, EXPTE TEDEC 2026/S009/000028
00550/2026	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL
00551/2026	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 24.09.2026

O Pleno dáse por enterado.

6. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde di: Antes, cando dixen o da mini escavadora, quedoume dicir tamén que da nave de remo o 50% tamén é da subvención da Xunta, son 200.000 que pon a Xunta e 200.000 que pon o Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:15 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

O SECRETARIO
FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: Z3r9PPXSnblJaKv3CqEN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/